



TREN DO BANQUETE DE CONXO

Percorrido especial gratuito do tren turístico, decorado para a ocasión. Traslados de balde entre a Alameda, no centro da cidade, e o barrio de Conxo. (Prioridade para familias con crianzas, persoas con mobilidade reducida e persoas vestidas de época).

HORARIOS:

Circulará de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h coas seguintes saídas:

Sábado 24 maio

Alameda (Av. de Xoán Carlos I, parada bus urbano a carón igrexa do Pilar) – Conxo (Praza do Mosteiro, diante zona bares) ás 11.00, 12.00, 13.00, 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.

Conxo (Praza do Mosteiro) – Alameda (Av. de Xoán Carlos I, parada bus urbano a carón escalinata de acceso á Carreira do Conde) ás 11.30, 12.30, 13.30, 17.30, 18.30, 19.30 e 20.30 h.

Domingo 25 maio

Alameda – Conxo ás 11.00, 12.00, 13.00, 16.00, 17.00, 18.00 e 19.00 h.

Conxo – Alameda ás 11.30, 12.30, 13.30, 16.30, 17.30, 18.30 e 19.30 h.

COMO CHEGAR

- Liñas 5 (recomendada, reforzaranse as frecuencias igualándoas ás dun día laborable) e C2 dos autobuses urbanos.
- Camiñando polas beiras do Sar ata a carballeira de Conxo.
- Se tes que vir no teu vehículo utiliza os aparcadoiros recomendados (ver mapa).


COMO PODES PARTICIPAR?

- No desfile teatral de estudantes e artesás do domingo 25 de maio da praza do Toural a Conxo.
- Na romaría popular xantando na Carballeira a comida que traías da casa ou merques nas polbeiras que atoparás no Camiño da Lavandería. Anímate a vir con vestimenta de época.
- No Serán da Fraternidade, tamén o 25 de maio, aberto á música e ao baile tradicional. Acude co teu grupo de música ou baile.
- Como persoa voluntaria na Festa do Banquete. Podes achegar a túa solicitude a través do correo electrónico: voluntariadobanqueteconxo@gmail.com



Festa e tradición, romaría e cultura. A Festa do Banquete é o lugar de todas e de todos, non deixes de vir!

A Festa do Banquete dá a benvida a **Figueiras** e **Aríns** como barrios convidados neste 2025



+ info: www.santiagodecompostela.gal

23, 24 e 25 MAIO 2025



conxo
FESTA DO BANQUETE

+ info: www.santiagodecompostela.gal

VENRES 23 maio



21.00 h
Cantos de taberna nos bares do barrio. Coa participación dos grupos Can de Ghaiteiro, Colexiata de Sar, Esfolladores, Muiñeiros do Sarela, Recandea e Sapamamas. Os cantos terán lugar nos bares A da Chara, Caimán, Mallos, Marlo e na cantina da comisión. Actividade coordinada por Muiñeiros do Sarela.

SÁBADO 24 maio



11.00-14.00 h
e 17.00-20.00 h
Xogos populares. Asociación de xogos tradicionais de Compostela. Praza central de Conxo.

11.30 h
“As Voces do Bosque”. Un paseo pola histórica carballeira de Conxo. A cargo de Henrique Alvarelos, escritor e editor. Dende os trobadores da Idade Media ata o exilio republicano, o Bosque de Conxo converteuse nun espazo case hipnótico na historia de Galiza. Foi o bosque de Rosalía de Castro e do Banquete Democrático de 1856. Adaptado a todos os públicos. Idioma: galego. Duración: 90 min aprox. Inscripción: rutabanquete@santiagodecompostela.gal
Punto saída: Diante da igrexa de Conxo.

12.00 h
Feira das Sementes. Feira das Sementes é a feira máis pequena do mundo. Unha feira onde nada se vende, onde as sementes se trocan por outras, por un conto, un refrán, unha canción ou unha adiviña. A cargo de Titeres Babaluva. *Praza de Aurelio Aguirre.*

13.00 h
Sesión vermú a cargo dos grupos da aceleradora de bandas do Centro Xove. Coa participación de PatriK e Ginko Biloba. *Praza de Aurelio Aguirre.*

17.00 h
Contacontos ao redor do libro *Lola Feroz*, de Juan Baquero. Cuarto de Inverno. *Praza de Aurelio Aguirre.*

17.30 h
Presentación do libro de Guillermo Coen *Solpor en Figueiras*. Do Peirao Edicións. Centro Socio Cultural de Conxo.

18.00 h
Presentación do libro *In memorian 100 Concello de Conxo* a cargo de Alberto Vilariño e Juan Lema. Presenta Daniel Seijas Llerena. Centro Socio Cultural de Conxo.

18.00 h
Charlatán Rodríguez. Un charlatán chega á vila coa súa lingua afiada, os seus instrumentos afinados e seu posto de venda ateigado de remedios para todos os males. Armado de retranca chega cun catálogo infinito de solucións inútiles, melodías inventadas, pequenas maxias e contos de impostor. Non se deixen confundir: moinantes hai a moreas, pero ninguén engana co humor, o ritmo, a empatía e a arte de Charlatán Rodríguez. *Praza central de Conxo.*

19.00 h
Canto Fraternal. Canto tradicional. Pandeireteiras do Grupo Pena Maior de Marrozos, dirixido por Ana Tejo, e do Grupo Tradicional de Sar. *Praza central de Conxo.*

A continuación: Canto coral. Coa participación de: Coro de Habaneras Rocha

Forte, dirixido por Sebastián Fernández Tapia; Coro Coto da Nai de Aríns, dirixido por Óscar Mato Collazo; Coro Crecente de Voces Graves dirixido por Alejandro Racciatti e Coral Amigos do Castiñeiriño dirixida por Andrea Torrado. *Escalinata do Hospital Psiquiátrico de Conxo.*

21.00 h
A Festa da Poesía. Conduce Claudia Castro. Coa participación das poetas Clara Pino (acompañada de Francesca da Silva e Miguel Vigo), Naila María González e Brenda Mondelo, e a música de Marcelo Lusardi, Migui Bouzô, Leticia Rey e XeVA & RS + Bick. *Praza de Aurelio Aguirre.*

DOMINGO 25 maio



11.00 h
“Alá van estudantes e artesáns”. Desfile teatral desde a praza do Toural até Conxo. Dirixen Os Quinquilláns. Participan: Os Quinquilláns, Pandereteiras As Viteiras, CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, Brigadas Teatrais de Catoira, Clube Mozo e Veciñanza Activa do CSC Aurelio Aguirre de Conxo, Teatro Mediogüevo, Asociación Aspas, Iván Tourís, CSC As Fontiñas, As Superactivas do CSC Santa Marta, Teatro do Muíño (Laraño), Asociación Cultural A Ruliña (Laraño), AAVV Nova Xeira de Figueiras, Coral A Oliveira de Monte Branco de Ponteceso e o Grupo de Gaitas Os Farrapos de Cesullas de Cabana de Bergantiños. Acompañamento musical de Luís, “O Caruncho”.

12.00 h
Presentación do libro *Taibo. Verso libre da música galega. Compostela/México D.F.*, de Alberto Cancela Montes, en conversa coa musicóloga Beatriz Cancela. A Central Folque. *Praza de Aurelio Aguirre.*

12.30 h
Concerto Let's folk! do grupo Suzukiños. Vive a música folk: temas irlandeses, galegos e celtas que farán que bailes, desfrutes e vivas a festa da man de rapazada de violín, viola e violonchelo. Esta rapazada estará acompañada de frauta, acordeón, guitarra, contrabaixo e percusión. Toda forma parte da escola En Clave Método Suzuki. *Praza de Aurelio Aguirre.*

13.45 h
Pregón da Festa do Banquete a cargo de Xosé Neira, representante da parroquia de Aríns, e Manuel Cespón, representante da parroquia de Figueiras. *Praza central de Conxo.*

14.00 h
“Baixamos ao bosque do Banquete”. Continuación do desfile teatral até a carballeira de Conxo. Os Quinquilláns acompañados polo grupo Os Fondaos do Pífar, Os Gaiteiros da Asociación de Música e Baile Tradicional de Conxo e diversos colectivos.

14.00-18.30 h
“Fotocol”. *Mosaico de Conxo.*

14.15 h
Benvida e recreación teatral do Banquete de Conxo. Os Quinquilláns. *Carballeira de Conxo.*

15.00 h
Xantar e romaría popular, con brindes de veciñas e veciños. *Carballeira de Conxo.*

16.00-18.30 h
Xogos tradicionais a cargo de Miudiño SCG. *Carballeira de Conxo.*

16.30 h
Serán da Fraternidade. Foliada de música tradicional con Os Fondaos do Pífar, Devagarinho de Vilvestro, Asociación

de Música e Baile Tradicional de Conxo, Grupo de Cantos de Taberna Cantadores de Recandea e Muiñeiros do Sarela. *Carballeira de Conxo.*

17.00 h
Presentación dos libros *Antón e a Araña Pandeireteira* e *Lu Moskaru e os paxaros da luz*. Editorial Dornavela. *Praza de Aurelio Aguirre.*

17.30 h
Mago Teto: O afador. Un espectáculo contado a través dos Camiños de Santiago polos que os afadores saían de Galicia para afiar e espallar a cultura galega polo mundo. *Praza de Aurelio Aguirre.*

17.30 h
Catopés: Animacreques. Vanessa Rivas e Ánxela Blanco unen a animación en zancos e a danza co teatro e a improvisación para artellar un pasarrúas de pequeno formato moi efectivo, aparente e divertido. *Carballeira de Conxo.*

18.30 h
Peter Punk presenta Con lingua propia. *Praza de Conxo.*

18.30 h
Despedida da Festa do Banquete 2025 e convite á seguinte edición. Discursos a cargo de Os Quinquilláns e pregón de peche a cargo de Teresa Moure. *Carballeira de Conxo.*

MERCADO DO LIBRO

Praza de Conxo e Praza de Aurelio Aguirre

SÁBADO 24 maio
17.00 h
Sinatura do libro *Tantas veces junio*, de Miguel Vigo. Posto da Editorial Elvira.

17.30 h
Sinatura dos libros *Mortiña e Buño & Brunilda*, polos tradutores Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González (Hércules Edicións). Posto da Librería Aenea.

DOMINGO 25 maio
12.30 h
Sinatura do libro *Ante dos mundos*, de Isabel M. Portela (Editorial Extravertida). Posto da Librería Aenea.

13.00 h
Sinatura dos libros *Escola de monstros* (Hércules Edicións). Posto de Árbore Azul.
17.00 h
Sinatura do libro *Coplas analfabetas*, de Antonio Tizón. Posto da Editorial Elvira.

Expositores:

DEICA! CREACIÓNS	LIBRERÍA AENEA
ÁRBORE AZUL	IR INDO EDICIÓNS
ACENTRAL FOLQUE	XIRALÚA
BOADICEA EDITORA	EDITORIAL ELVIRA
ANTELA EDITORIAL	DORNAVELA EDICIÓNS
CUARTO DE INVIERNO	

MOSTRA DE OFICIOS TRADICIONAIS

Artesáns:

MANUEL FIGUEIRAS *Cerámica*
XOSÉ TUNHAS *Instrumentos musicais*
FORXA CHAGO *Forxa*